

A VOLTA AO LIBRO

Obxecto do sorteo

A Federación de Librerías de Galicia (en adiante FLG), organiza e encárgase do desenvolvemento do Sorteo entre as/os participantes na “VOLTA AO LIBRO” co **obxectivo** de promover a compra de libros nas nosas librerías, así como a promoción da lectura. A finalidade do sorteo será a elección aleatoria entre os participantes que envíen fotografías das bicicletas e ciclistas que participan na “VOLTA AO LIBRO”.

Nome da promoción

“A volta ao libro”

Datas e ámbito do concurso

Quen desexe participar terá que enviar unha foto das/os nosas/os ciclistas que percorreron a xeografía galega o día 25 de setembro. **As fotografías poden ser enviadas o día 25, 26 e 27 de setembro** ao correo electrónico comunicación@librarias.org

Participantes e condicións:

A convocatoria está **aberta a calquera persoa física, salvo** titulares, persoal ou familiares das librerías asociadas, ata segundo grao.

Cada concursante **poderá presentar só unha fotografía** na que se vexan aos ciclistas no seu percorrido ou nas diferentes paradas – librerías.

As fotografías teñen que ser presentadas polos/as propios/as autores/as, **tendo que identificarse claramente o lema da volta** e ao ciclista participante.

Nas ditas fotografías non poden aparecer menores, de xeito que podan ser identificados. Non serán admitidas aínda que o representante legal do menor achegue unha autorización.

Os/as participantes **teñen que ser “fan” do Facebook da FLG.**

A VOLTA AO LIBRO



Mecánica do concurso:

Para poder participar deberás facerte “fan” do Facebook da Federación de Librerías de Galicia.

Podes facerte “fan” accedendo á páxina do Facebook <http://fb.com/fedlibreiros> e facer clic no botón “**Me gusta**”.

A persoa participante deberá enviar ao correo electrónico comunicacion@librarias.org **unha única foto**, xunto coa seguinte información: nome e apelidos, localidade e facer mención expresa de que cede a fotografía para ser usada pola FLG. O correo será enviado **antes do 27 de setembro as 22.00 horas**.

De entre as fotografías que participan no concurso sairán 20 fotografías gañadoras que serán elixidas aleatoriamente.

Premio e especificacións do seu uso

Os/as gañadores/as daranse a coñecer durante a semana do 5 de outubro.

Os/as gañadores/as serán premiados cun vale de 10€ para gastar na adquisición de libros, non de texto, nas librerías asociadas.

A contía destinarase unicamente á adquisición de libros, non sendo válidos libros de texto, nin material de papelería, nin outros produtos que podan ser adquiridos nunha librería diferentes de libros.

O premio nunca poderá ser trocado por diñeiro.

Comunicarase aos gañadores/as a obtención do premio a través dun correo electrónico, solicitándolle que indiquen en que librería van trocar o seu premio, así mesmo facilitarán o seu nome e apelidos para identificarse.

No caso de que a librería elixida non estivese asociada a FLG, facilitaráselle unha listaxe de librerías da súa localidade ou próximas.

A VOLTA AO LIBRO

Os vales trocaranse antes do 26 de outubro.

As librerías elixidas para o troco facilitarán a FLG, antes do 27 de outubro o xustificante correspondente dos libros elixidos para realizar o cambio.

Outras consideracións:

Protección de datos Persoais.

Os participantes autorizan que os seus datos persoais facilitados sexan incorporados a un ficheiro no que o responsable é a FLG, que os utilizará unicamente para xestionar este Concurso promocional, para contactar cos gañadores e entregarlles o premio. Estes datos serán tratados confidencialmente e de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos persoais.

Os participantes garanten que responderán da veracidade, exactitude, vixencia e autenticidade da súa información persoal.

O titular dos datos poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación e cancelación solicitando por escrito, con copia de seu DNI ou documento de identificación, á seguinte dirección: Rúa República do Salvador 28, 15701, Santiago de Compostela, indicando no sobre "Ref. Protección de Datos" ou por correo electrónico á seguinte dirección libreiros@librarias.org

Limitación da responsabilidade.

A FLG, non é responsable das interrupcións ou fallos en Internet, na páxina fb.com/fedlibreiros, a rede por cable, as redes de comunicacións electrónicas, fallos de software ou hardware nin por os posibles erros na introdución e/ou o procesamento das respostas, entregas ou datos persoais. En caso de producirse problemas ou incidencias deste tipo, a Federación de librerías de Galicia, fará todo o que estea na súa man para corrixilas o antes posible, pero non pode asumir ningunha responsabilidade ao respecto.

A FLG, exclúe calquera responsabilidade polos danos e prexuízos de toda natureza que, a pesar das medidas de seguridade adoptadas, puideran deberse á utilización indebida dos servizos e dos contidos por parte dos usuarios, e, en particular, aínda que non de forma exclusiva, polos danos e prexuízos que poidan deberse á suplantación da personalidade dun terceiro efectuada por un usuario.

A VOLTA AO LIBRO

Outras normas da promoción/concurso.

A simple participación neste concurso implica a aceptación destas bases na súa totalidade e o criterio interpretativo da FLG, en canto á resolución de calquera cuestión derivada do presente concurso, polo que a manifestación, no senso de non aceptación das mesmas, implicará a exclusión do participante e, como consecuencia da mesma, a FLG, quedará liberada do cumprimento de calquera obriga contraída con el.

A FLG, resérvase o dereito a introducir cambios na mecánica ou funcionamento desta promoción en calquera momento e/ou finalizala de forma anticipada se fose necesario por causa xustificada, sen que de elo poida derivarse responsabilidade algunha. Non obstante, estes cambios comunicaranse debidamente a través da páxina do concurso fb.com/fedlibreiros e no seu caso outros medios. A FLG, fará todo o posible para evitar que ningún cambio prexudique a uns participantes respecto de outros.

Ao participar nesta promoción reconécese e acéptase que os dereitos de propiedade intelectual sobre os materiais desta promoción corresponden á FLG ou de ser o caso serán cedidos á entidade. A reprodución, distribución ou transformación non autorizada de calquera material publicitario ou promocional constitúe unha infracción dos dereitos de propiedade intelectual do titular.

Tes algunha dúbida?

Contacta connosco:

981599958

libreiros@librarias.org

www.librarias.org

